



Dúas bandeiras del colectivo Lgbtiq+ durante unha manifestación do Orgullo Lgbtiq+.

—Análise

En prol da diversidade



Xoán Carlos Domínguez Alberte

Profesor de ensino público e escritor

A diversidade humana, como elemento natural e enriquecedor que é, debe ser obxecto de especial protección. Por iso se ten que observar unha especial vixilancia contra aquelas actitudes –froito da intolerancia e de complexos diversos– que tentan afogar a liberdade de cadaquén.

A expresión artística non cesa de pór o foco, unha e outra vez, na denuncia da violencia implacábel que golpea con asañamento contra todo o que representa a pluralidade ou a igualdade entre cidadás e cidadáns.

De recente publicación son títulos como *Campo de plu-*

mas. Poemas LGTB+ para a mocidade dende a Antigüidade ata hoxe (da responsabilidade, como antólogo e tradutor, de Jesús Castro Yáñez) ou *Eles libres e iguais, elas obedientes pola graza de Deus*, de Isabel Rodríguez Mate. Ou, tamén, as experiencias creativas –obxecto desta análise– *Diversos e Alguén nos lembrará. Antoloxía de relatos Lgbtiq+*.

Este último, inspirado nunha cita da poeta grega Safo, está coordinado por Nee Barros e constitúe unha antoloxía de narracións de xente nova arredor do colectivo que se explicita no título.

Así, como se detalla após unha breve introdución, cada un dos relatos "conta cun achegamento único e diferente á disidencia de sexo e xénero. Nalgúns xúntanse varias realidades, pois non cremos que se poida entender o colectivo Lgbtiq+ sen a loita das persoas racializadas, discapacitadas ou das mulleres. Aínda temos moito que aprender e desmontar sobre violencias que non nos atravesan e reproducimos".

Como declara a voz dunha protagonista: "Exerceron control e violencia sobre min dende que

— "Non cremos que se poida entender o colectivo Lgbtiq+ sen a loita das persoas racializadas, discapacitadas ou das mulleres"

era unha crianza. E sinto poñerme tan así, pero é o que realmente penso. E xuntamos todo isto co acoso escolar, coa violencia sexual, coa violencia física, a violencia emocional que sempre acompañou a miña vida...

por gorda
por gorda e desviada
por gorda, desviada e trans...".
Agresión exercida, de xeito tradicional, contra calquera que se 'desvíe' da 'norma', como evidencian os versos de Xela Arias, en *Tigres coma cabalos*: "Te-la cara inchada de preguntas/e un peso de desperfectos columna arriba./Enchéuseche de bandadas o estómago/e de gritos os dedos dos pés".

Mais fronte ao sentido paralizante da procrastinación, céibase a afouteza do verso liberador de *Magnolia punk e outras arritmias*, de Andreia Costas, contra calquera tentativa aniquiladora, a favor de toda disidencia: "Afutar unha bandada/de morcegas irmandiñas/para ir ao castelo e/ liberar as Pussy Riot".

Resistencia

Pola súa banda, *Diversos* é unha –máis ca necesaria, imprescin-

díbel– iniciativa escolar, levada a cabo e editada polo IES de Sar. Está coordinada polos docentes Patricia Arias e Baldo Ramos e supón a terceira entrega da Colección Sar.

Constitúe unha achega creativa, de especial acabado, de textos literarios e fotografías levados a cabo polos integrantes do dito centro, mormente alumnado. Colectivo principal co que hai que traballar contidos e instrumentos para construír e alicerzar unha sociedade tan libre coma plural.

Así, unha representante deste, Hanadi El Hawari, subliña –nun texto escrito en árabe e vertido ao galego– o feito "que nos leva a contemplar as culturas alleas, facendo uso de estereotipos e prexuízos porque estamos acostumados a ver a diferenza como unha ameaza que debe ser controlada e destruída".

Mais, fronte a esta actitude xenófoba e intolerante, debe construírse, nun centro de ensino auténtico e dinámico, o día a día dunha sociedade complexa e moderna, verbalizado nesta sentenza pola coordinadora da publicación: "As profesoras e profesores aprendían daqueles estudantes que está ben preguntarlle á xente polos seus pronomes e que, se te equivocas e os usas incorrectamente, basta con pedir desculpas".

Os versos finais

Desta sorte é como lle atopamos o sentido pleno aos versos finais, do coordinador da obra, dun "Poema para ler do dereito e ver do revés": "E desde entón a casa que compartimos/é un lugar onde o desacordo/nos fai felices".

O poeta vangardista francés Paul Éluard escribiu, en 1942, o poema "Liberté", que se había converter en símbolo da –tan imprescindíbel antes e agora– resistencia antifascista. Texto que circulou clandestino e se imprimiu en Inglaterra e que espaxearon, dende o ar a milleiros, os avións aliados.

Agora, mercé á tradución feita polo alumnado do IES de Sar, podemos lelo na súa integridade na nosa lingua. Velá a marabilla que representan os afectos recíprocos esencializada nos versos de inicio: "Nos meus cader nos escolares/No meu pupitre e nas árboles/Na area e na neve/ Escribo o teu nome".